



DECRETO DA ALCALDÍA

APROBACIÓN, BASES E CONVOCATORIA DA “XUNTANZA CONVIVE” Expediente gestiona1118/2019

Expedientes gestiona relacionados: 169/2020 do prezo publico; 187/2020 da contratación

Visto o acordo de aprobación dos prezos públicos pola Xunta de Goberno Local de data 12/02/2020 e publicación en BOPPO nº 37 de data 24 de febreiro de 2020.

En cumprimento das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e o R.D. 2568/1986, de 28 novembro.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a realización da “Xuntanza Convive”

Segundo.- Aprobar as seguintes bases e a convocatoria polas que se vai a rexir a organización da “Xuntanza Convive”.

BASES E CONVOCATORIA REGULADORAS DA XUNTANZA CONVIVE

Base primeira: Obxecto.

O Obxecto desta convocatoria é ofertar unha “Xuntanza Convive” que consiste na realización dun obradoiro de prevención de violencia de xenero, xantar e viaxe a Illa da Toxa cun máximo de 50 prazas.


Base segunda: Obxectivos

A “Xuntanza Convive” consiste na realización dun encontro e xornada de convivencia dirixida a toda poboación, sendo as mulleres do Concello de Pazos Borben o colectivo prioritario.

O obxectivo xeral é o de afondar nos aspectos da prevención da violencia de xenero, en base ao obxecto recollido na resolución de transferencias da Secretaria do Estado de igualdade para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas as entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xenero para o exercicio 2019.

Ademais como obxectivos específicos pretendese fomentar os valores de convivencia interxeneracional con mulleres de diferentes idades; realizando un obradoiro específico de prevención de violencia de xenero e fomento de valores en igualdade, un xantar e un paseo.

Neste obradoiro “Cando doe xa non se non chama amor”, iniciación ao fitness emocional, revisaranse as causas da violencia de xenero e conceptos como “amor romántico”.





O itinerario é o seguinte:

1. Viaxe (ida e volya) dende Pazos de Borbén ata a Illa da Toxa.
2. Desenvolvemento do obradorio de prevención de violencia de xenero no salón acondicionado para tal evento do Hotel seleccionado na Illa da Toxa
3. Xantar
4. Pola tarde paseo pola Illa e O Grove.
5. Regreso ao Concello de Pazos de Borbén

Base terceira: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias son as persoas do Concello de Pazos de Borbén sendo prioritario as mulleres cos seguintes criterios de selección:

- En primeiro lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén.
- En segundo lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás mulleres empadronadas no Concello de Pazos de Borbén.
- En terceiro lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás mulleres non empadronadas no Concello de Pazos de Borbén.

Base cuarta. Datas e lugar de realización

Realizarase o domingo día 22 de marzo se durante todo o día. Saída dende a praza do Concello de Pazos de Borbén ás 09:30 h e regreso as 18:30 h ao mesmo punto.

Base quinta. Presentación, lugar e prazo das solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Pazos de Borbén presencial ou electrónicamente, mediante o modelo de incrición en actividades e cursos xunto co xustificante de pago. O Concello de Pazos de Borbén comprobará de oficio o empadramento das persoas solicitantes.

O prazo de presentación de solicitude comezará o día seguinte ao da publicación do extracto de aprobación dos prezos públicos desta actividade no BOPPO e rematará o 16/03/2020.

O formulario de solicitude (instancia xeral) estará a disposición das persoas solicitantes na web www.pazosdeborben.org, e nas oficinas nas oficinas do Concello de Pazos de Borbén.

Base sexta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

A relación de persoas admitidas e excluídas (coas causas de exclusión), será publicada na web, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pazos de Borbén a partir do 17/03/2020.

Base sétima. Número de prazas.

O número de prazas ofertadas son de 50. Unha vez cuberta a totalidade das prazas establecerase unha lista de reserva en función dos criterios establecidos na base oitava desta convocatoria.





Base oitava. Adxudicación das prazas.

O proceso de adxudicación levarase a cabo na seguinte orde:

1º Persoas empadroadas no Concello de Pazos de Borbén, segundo orde de entrada no rexistro, sendo prioritario o colectivo de mulleres.

2º Persoas non empadroadas, segundo orde de entrada no rexistro sendo prioritario o colectivo de mulleres.

Base novena. Prezo e condicións.

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/02/2020 o prezo da Xuntanza Convive é de 15,00 euros por persoa, que inclúe autobús, xantar, obradoiro e seguro de viaxe.

O pago realizarase na sucursal de ABANCA con nº de conta ES93 2080 5049 6130 4000 6392 facendo constar no concepto o nome da/s persoas solicitantes .

Deberase presentar o xustificante do pagamento da “Xuntanza Convive” xunto co modelo de incrición en actividades e cursos, no rexistro do Concello de Pazos de Borbén.

No suposto de que, por causas alleas os/as solicitantes, se deixase de realizar a actividade, os/as interesados/as poderán pedir o reembolso das cantidades ingresadas en concepto de prezo público.

Cando o/a interesado/a manifeste a súa desestimación a participar na actividade cuxo ingreso fose efectivamente realizado, poderá solicitar a devolución das cantidades ingresadas, mediante escrito dirixido a esta administración, en todo caso, cunha antelación de cinco (5) días naturais a data da excursión.

Base décima. Prazo de vixencia

As bases que regulan esta actividade terán vixencia ata o remate da actividade.

Mándao e asínao o Sr. alcalde de Pazos de Borbén.

O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL DESTA CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.

